

# VII CONCURSO DE FOTOGRAFÍA 2023:

## **BASES:**

- **TEMA do concurso:** O MEU LUGAR FAVORITO DE VILA DE CRUCES.
- **PARTICIPANTES:** poderán participar como autores/as das fotografías tódolos nenos/as de Educación Infantil e Primaria deste centro. Só se pode presentar unha fotografía por alumno/a.
- **EXCLUSIÓNS:**
  1. Só se admitirán fotos realizadas polos nenos/as: o xurado poderá descartar aquelas nas que se aprecie indicios de que foran realizadas por un adulto.
  2. Non se admitirán fotomontaxes ou fotografías manipuladas máis alá do que se considera un revelado dixital convencional.
  3. As imaxes con lemas ou nomes sobreimpresos tamén serán descartadas.
  4. Non se admitirán fotografías nas que saian persoas.
- **FORMATO E PRESENTACIÓN:**
  1. Formato dixital: formato .jpg
  2. Enviaranse á aula virtual no apartado establecido unicamente para este fin. No texto do envío indicarse claramente: o lema (título) da foto, o cal deberá coincidir co nome do arquivo remitido así como a localización exacta da fotografía.
- **CALENDARIO:** só se admitirán fotografías recibidas ata o 15 de maio. As fotografías serán expostas nos corredores do centro.
- **XURADO:** estará integrado por tres persoas entre as que figurarán dous representantes do claustro e un membro do persoal non docente do centro. Os membros do xurado valorarán cada una delas de 0 a 4 puntos. As fotografías gañadoras serán as que maior puntuación obteñan do resultado da suma das tres valoracións.
- **PREMIOS:** Haberá un premio por nivel.
- **CESIÓN DEDEREITOS DAS IMAXES:** A participación neste concurso supón a cesión por parte dos autores das imaxes e/ou titulares legais ao CEIP Plurilingüe Nosa Señora da Piedade dos dereitos de uso e exposición para fins divulgativos das actividades realizadas no centro escolar.

